



## 2.4. economía social

**ESTE APARTADO ESTÁ** dedicado ó estudio da economía social, no que se engloban tódalas iniciativas empresariais por parte de traballadores que se constitúen para dar satisfacción a necesidades e intereses comúns. O capítulo está dividido en tres grandes apartados nos que se estudian as sociedades cooperativas, as sociedades laborais e, finalmente, faise referencia ás actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego.

Os datos utilizados na análise das cooperativas e das sociedades laborais rexistradas parten da Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo, en tanto que na análise das actuacións da Xunta, a fonte utilizada é a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

Atendendo ós datos da Tesorería General, o número de traballadores en alta laboral

no réxime especial de autónomos aumentou en Galicia nun 1,1% para situarse nos 165.320 traballadores no ano 2001 (**cadro 2.2.1.: Traballadores en alta laboral 2000-01: distribución segundo réximes**). A Coruña acolle ó 40,3% do total dos autónomos, mentres un 33,1% corresponde a Pontevedra e un 13,7% e un 13%, a Ourense e Lugo, respectivamente.

O número de empresas de economía social (sociedades cooperativas e laborais) a 31 de decembro do ano 2001 ascendeu en España a 38.669, das que 1.636 sociedades, un 4,2%, estaban situadas en Galicia. En conxunto, estas empresas acollerón a un total de 370.364 traballadores, estando a meirande parte dos mesmos (o 61,9% do total) ocupados nas comunidades autónomas de Cataluña, Andalucía, País Vasco e C. Valenciana. En Galicia, a poboación ocupada nestas sociedades de economía social foi de 13.445 traballadores, o que supuña o 1,4% da poboación

**CADRO 2.4.1.**

**Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2000-01: número e traballadores**

	2000				2001			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	CA / total (%)							
Andalucía	5.023	21,5	49.660	18,5	5.330	21,9	51.616	18,6
Aragón	762	3,3	7.675	2,9	751	3,1	7.816	2,8
Asturias	273	1,2	3.442	1,3	297	1,2	3.573	1,3
Baleares	169	0,7	2.017	0,7	178	0,7	2.199	0,8
Canarias	449	1,9	7.275	2,7	446	1,8	7.377	2,7
Cantabria	89	0,4	954	0,4	89	0,4	1.050	0,4
Castela - A Mancha	1.430	6,1	12.962	4,8	1.467	6,0	13.227	4,8
Castela e León	1.310	5,6	11.510	4,3	1.399	5,7	11.988	4,3
Cataluña	5.731	24,6	42.654	15,9	5.903	24,2	42.024	15,2
C. Valenciana	2.704	11,6	41.247	15,3	2.855	11,7	42.242	15,2
Estremadura	789	3,4	7.132	2,7	832	3,4	7.767	2,8
Galicia	872	3,7	9.099	3,4	909	3,7	9.365	3,4
A Coruña	320	1,4	3.058	1,1	322	1,3	3.064	1,1
Lugo	136	0,6	961	0,4	153	0,6	1.073	0,4
Ourense	194	0,8	2.659	1,0	189	0,8	2.655	1,0
Pontevedra	222	1,0	2.421	0,9	245	1,0	2.573	0,9
Madrid	854	3,7	10.428	3,9	882	3,6	10.755	3,9
Murcia	1.005	4,3	10.277	3,8	1.142	4,7	10.955	3,9
Navarra	312	1,3	4.275	1,6	311	1,3	4.516	1,6
País Vasco	1.331	5,7	46.295	17,2	1.350	5,5	48.799	17,6
Rioxa	172	0,7	1.682	0,6	168	0,7	1.751	0,6
Ceuta e Melilla	59	0,3	479	0,2	42	0,2	365	0,1
Total	23.334	100	269.063	100	24.351	100	277.385	100

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

ocupada galega, sendo esta porcentaxe inferior á española que é do 2,5% (**cadro C.2.17.: Empresas e traballadores de economía social nas CC.AA. 2000-01**).

2.

No ano 2000, constituíronse en Galicia un total de 387 sociedades laborais e cooperativas (o 4,9% do total constituído en España), sendo o número de traballadores de 3.373, que representan o 8,6% dos existentes no conxunto do estado (**cadro C.2.16.: Empresas de economía constituidas en Galicia e España 2000-01**).

## Cooperativas

En Galicia, tal e como reflicte o **cadro 2.4.1.**, a 31 de decembro do ano 2001 había un total de 909 sociedades cooperativas, que acollían a 9.365 traballadores. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia acollía, ó igual que no ano anterior, o 3,7% das sociedades cooperativas e o 3,4% dos traballadores neste tipo de empresas. Como amosa o devandito **cadro 2.4.1.**, prodúcese unha concentración das sociedades cooperativas en catro comunidades autónomas (Cata-

luña, Andalucía, C. Valenciana e País Vasco), que en conxunto acollen o 62,5% do total de cooperativas e o 66,6% dos traballadores.

En Galicia, atendendo á desagregación por provincias, A Coruña é a que presenta un maior número de cooperativas, ó acoller 322 sociedades cooperativas e empregar a un total de 3.064 traballadores, o que implica unha media de 9,5 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 10,3 traballadores por sociedade. As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega, con 14,0 e 10,5 traballadores por sociedade cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperativas constituídas en Galicia no ano 2001 ascendeu a 92, cun total de 2.306 traballadores, o que representou o 3,7% do total de cooperativas constituídas en España e o 11,7% dos socios iniciais. En relación ó ano 2000, no último ano houbo tres novas sociedades constituídas, e o seu número de traballadores, medrou nun 40,7% (1.378 socios máis).

Esta importante medra ven explicada



## CADRO 2.4.2.

## Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2000-01: número e socios iniciais

	2000				2001			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)
Andalucía	762	30,41	4.999	27,48	681	27,08	5.048	25,63
Aragón	94	3,75	625	3,44	92	3,66	395	2,01
Asturias	28	1,12	111	0,61	26	1,03	105	0,53
Baleares	13	0,52	52	0,29	20	0,80	71	0,36
Canarias	55	2,19	279	1,53	30	1,19	174	0,88
Cantabria	7	0,28	30	0,16	4	0,16	26	0,13
Castela - A Mancha	101	4,03	1.008	5,54	118	4,69	782	3,97
Castela e León	167	6,66	995	5,47	153	6,08	889	4,51
Cataluña	434	17,32	2.010	11,05	419	16,66	1.522	7,73
C. Valenciana	224	8,94	4.043	22,23	236	9,38	3.296	16,73
Extremadura	65	2,59	618	3,40	51	2,03	588	2,98
Galicia	89	3,55	928	5,10	92	3,66	2.306	11,71
A Coruña	16	0,64	116	0,64	20	0,80	131	0,67
Lugo	23	0,92	253	1,39	17	0,68	233	1,18
Ourense	23	0,92	206	1,13	11	0,44	50	0,25
Pontevedra	17	0,68	272	1,50	36	1,43	1.787	9,07
R.A. Galicia	10	0,40	81	0,45	8	0,32	105	0,53
Madrid	163	6,50	708	3,89	159	6,32	2.314	11,75
Murcia	187	7,46	785	4,32	237	9,42	1.002	5,09
Navarra	22	0,88	143	0,79	25	0,99	196	0,99
País Vasco	52	2,08	419	2,30	99	3,94	531	2,70
Rioxa	14	0,56	266	1,46	12	0,48	80	0,41
Ceuta e Melilla	15	0,60	100	0,55	3	0,12	21	0,11
Registro Central	14	0,56	71	0,39	58	2,31	353	1,79
<b>Total</b>	<b>2.506</b>	<b>100</b>	<b>18.190</b>	<b>100</b>	<b>2.515</b>	<b>100</b>	<b>19.699</b>	<b>100</b>

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

2.



## CADRO 2.4.3.

## Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 2000-01: distribución segundo clase

	2000												
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total		
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios	
Traballo asociado	15	107	11	93	22	155	14	147	6	26	68	528	
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vivendas	-	-	-	-	-	-	2	107	-	-	2	107	
Agrarias	1	9	7	123	1	51	1	18	2	43	12	244	
Explotación común da terra	-	-	4	22	-	-	-	-	1	4	5	26	
Servicios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Transportes	-	-	1	15	-	-	-	-	-	-	1	15	
Ensianza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-	1	8	1	8	
<b>Total</b>	<b>16</b>	<b>116</b>	<b>23</b>	<b>253</b>	<b>23</b>	<b>206</b>	<b>17</b>	<b>272</b>	<b>10</b>	<b>81</b>	<b>89</b>	<b>928</b>	

## 2001

	2001												
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total		
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios	
Traballo asociado	14	77	9	50	9	41	26	123	3	33	61	324	
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	1	795	-	-	1	795	
Vivendas	1	11	-	-	-	-	6	838	-	-	7	849	
Agrarias	1	7	7	178	1	6	3	31	1	11	13	233	
Explotación común da terra	3	11	-	-	-	-	-	-	-	-	3	11	
Servicios	1	25	-	-	1	3	-	-	2	36	4	64	
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	1	8	1	8	
Ensianza	-	-	1	5	-	-	-	-	-	-	1	5	
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-	1	17	1	17	
<b>Total</b>	<b>20</b>	<b>131</b>	<b>17</b>	<b>233</b>	<b>11</b>	<b>50</b>	<b>36</b>	<b>1.787</b>	<b>8</b>	<b>105</b>	<b>92</b>	<b>2.306</b>	

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.4.4.

*Sociedades laborais nas CC.AA. 2000-01: número e traballadores*

	2000				2001			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	CA / total (%)							
Andalucía	1.544	12,9	10.439	12,3	2.034	14,2	12.382	13,3
Aragón	525	4,4	3.134	3,7	645	4,5	3.287	3,5
Asturias	362	3,0	2.402	2,8	393	2,7	2.625	2,8
Baleares	132	1,1	821	1,0	160	1,1	878	0,9
Canarias	577	4,8	2.792	3,3	730	5,1	3.203	3,4
Cantabria	89	0,7	894	1,1	118	0,8	1.009	1,1
Castela - A Mancha	1.096	9,2	7.397	8,7	1.297	9,1	8.181	8,8
Castela e León	654	5,5	3.271	3,9	770	5,4	3.774	4,1
Cataluña	1.261	10,6	9.909	11,7	1.574	11,0	11.049	11,9
C. Valenciana	1.105	9,3	8.302	9,8	1.299	9,1	8.422	9,1
Estremadura	319	2,7	1.825	2,2	389	2,7	2.091	2,2
Galicia	556	4,7	3.199	3,8	727	5,1	4.080	4,4
A Coruña	223	1,9	1.336	1,6	287	2,0	1.453	1,6
Lugo	104	0,9	498	0,6	126	0,9	570	0,6
Ourense	78	0,7	323	0,4	106	0,7	412	0,4
Pontevedra	151	1,3	1.042	1,2	208	1,5	1.645	1,8
Madrid	1.696	14,2	9.242	10,9	1.944	13,6	10.226	11,0
Murcia	541	4,5	3.899	4,6	661	4,6	4.386	4,7
Navarra	401	3,4	3.786	4,5	444	3,1	4.167	4,5
País Vasco	1.003	8,4	13.097	15,4	1.049	7,3	12.759	13,7
Rioxa	59	0,5	363	0,4	67	0,5	366	0,4
Ceuta e Melilla	15	0,1	98	0,1	17	0,1	94	0,1
Total	11.935	100	84.870	100	14.318	100	92.979	100

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

fundamentalmente pola evolución seguida na provincia de Pontevedra: as 36 sociedades cooperativas constituídas tiñan un total de 1.787 socios iniciais, fronte ós 272 socios iniciais nas 17 cooperativas constituídas no ano anterior. Pola contra, Ourense e Lugo experimentan un descenso no número de sociedades constituídas e socios iniciais, sendo máis acusado no caso de Ourense, con 12 sociedades menos e 156 socios iniciais menos.

Atendendo á clase de cooperativas inscritas e ó número de traballadores, o **cadro 2.4.3.** reflicte que é na clase “Traballo asociado” onde máis cooperativas hai inscritas, con 61, que representan o 66,3% do total de cooperativas inscritas en Galicia no ano 2001, sendo o seu número de socios de 324, o 14,1% do total dos socios galegos. As cooperativas de vivendas e as de consumidores e usuarios son as que acollen un maior número de socios, con 829 e 795 socios, o que representa o 36,8% e 34,5%, respectivamente.

## Sociedades laborais

O número de sociedades laborais en España era, a 31 de decembro do ano 2001,

de 14.318 empresas (SA e SL), un 20% superior ó existente no mesmo período do ano anterior. Estas sociedades concéntranse especialmente nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco, Castela A Mancha e C. Valenciana, que agrupan ó 64,2% do total estatal. A devandita concentración ten a súa correspondencia no emprego, xa que esas 6 comunidades acaparan o 67,8% dos postos de traballo (**cadro 2.4.4.**).

Galicia tiña, no mesmo período, 727 sociedades laborais en alta na Seguridade Social, un 5,1% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 4.080 traballadores e traballadoras, naméntrase que o número de ocupados no conxunto do estado foi de 92.979 traballadores.

No ano 2001, rexistráronse en Galicia un total de 295 sociedades laborais, que agruparon a 1.067 socios. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,4% do total das sociedades laborais rexistradas e o 5,5% do traballadores destas sociedades.

Tal e como reflicte o **cadro 2.4.6.**, a meirande parte das sociedades laborais en

## CADRO 2.4.5.

*Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 2000-01: número e socios iniciais*

	2000			2001		
	Sociedades		Socios iniciais	Sociedades		Socios iniciais
	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)
Andalucía	758	15,63	2.746	15,78	1.099	20,15
Aragón	227	4,68	811	4,66	238	4,36
Asturias	114	2,35	412	2,37	126	2,31
Baleares	73	1,50	259	1,49	74	1,36
Canarias	307	6,33	1.061	6,10	321	5,89
Cantabria	28	0,58	103	0,59	45	0,83
Castela - A Mancha	431	8,88	1.513	8,69	427	7,83
Castela e León	248	5,11	884	5,08	285	5,23
Cataluña	552	11,38	1.908	10,96	762	13,97
C. Valenciana	478	9,85	1.693	9,73	415	7,61
Estremadura	100	2,06	378	2,17	137	2,51
Galicia	296	6,10	1.145	6,58	295	5,41
A Coruña	118	2,43	445	2,56	100	1,83
Lugo	43	0,89	139	0,80	43	0,79
Ourense	50	1,03	166	0,95	38	0,70
Pontevedra	85	1,75	395	2,27	114	2,09
Madrid	710	14,64	2.428	13,95	701	12,85
Murcia	193	3,98	696	4,00	224	4,11
Navarra	113	2,33	429	2,46	97	1,78
País Vasco	205	4,23	876	5,03	193	3,54
Rioxa	14	0,29	48	0,28	14	0,26
Ceuta e Melilla	4	0,08	15	0,09	1	0,02
<b>Total</b>	<b>4.851</b>	<b>100</b>	<b>17.405</b>	<b>100</b>	<b>5.454</b>	<b>100</b>

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

## CADRO 2.4.6.

*Sociedades laborais rexistradas 2000-01: distribución sectorial*

	Galicia		España	
	2000 sociedades	2001 socios	2000 sociedades	2001 socios
Agrario	7	25	6	18
Non agrario	289	1.120	289	1.049
Industria	52	299	44	209
Construcción	44	150	53	183
Servicios	193	671	192	657
<b>Total</b>	<b>296</b>	<b>1.145</b>	<b>295</b>	<b>1.067</b>

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

Galicia concéntranse nos sectores non agrarios, 289 sociedades, e principalmente no sector servicios, que acolle un 65,1% do total de sociedades laborais rexistradas en Galicia (192 sociedades). No sector agrario, o número de sociedades laborais rexistradas foi de 6, sendo o seu número de socios de 18.

### Desenvolvimento da economía social e do autoemprego

No eido das actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, o **cadro 2.4.7.**

reflicte as diferentes actuacións postas en marcha, que venen a completa-las medidas de fomento do emprego e da estabilidade analizadas no capítulo anterior. Xunto ás tradicionais medidas de promoción de emprego en cooperativas e sociedades laborais e o apoio ó emprego autónomo, hai que salienta-los centros especiais de emprego (para facilita-la incorporación dos traballadores con discapacidade ó mercado laboral) e os programas de iniciativas de emprego, que tratan de apoia-las iniciativas empresariais no ámbito local e rural e as iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

**CADRO 2.4.7.**

**Actuacions para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2000-01**

	<b>2000</b> Nº traballadores	<b>2001</b> Nº traballadores	<b>01/00</b>
<b>Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais</b>	1.906	2.324	21,9
Axudas a cooperativas e Sociedades Laborais	662	746	12,7
Axudas para a adquisición de socio traballador	632	622	-1,6
Abono de cotas á Seguridade Social	612	956	56,2
<b>Apoyo ó autoemprego autónomo</b>	3.957	4.699	18,8
<b>Integración laboral dos discapacitados</b>	1.180	1.394	18,1
Creación ou ampliación de Centros Especiais de Emprego	199	211	6,0
Mantenemento de Centros Especiais de Emprego	928	1.126	21,3
Emprego autónomo discapacitados	53	57	7,5
<b>Iniciativas de emprego (1)</b>	505	512	1,4
<b>Total</b>	7.548	8.929	18,3

(1) No ano 2000 as actuacions de iniciativas de emprego estaban compostas por Iniciativas Locais de Emprego e Iniciativas de Emprego Rural. No ano 2001 inclúense as novas iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

No ano 2001, establecese un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (*lebt's*) para dar potencialidade de creación de emprego no contexto da nova economía. Este programa pretende impulsalo espírito emprendedor no trinomio investigación-tecnoloxía-emprego mediante o aproveitamento intensivo e coa colaboración das diferentes estruturas existentes tanto nos diferentes departamentos da Xunta de Galicia coma nas tres universidades galegas e noutras entidades vinculadas á innovación, á tecnoloxía e á iniciativa emprendedora.

Asemade, tamén se establece o marco específico de axudas económicas para facilita-la creación de postos de traballo nas *lebt's*, así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral.

No ano 2001 beneficiáronse das axudas para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego un total de 8.929 traballadores, 1.381 máis que no ano anterior. Do total de traballadores beneficiarios, 4.699 beneficiáronse das medidas de apoio ó emprego autónomo, 2.324 das fórmulas de autoemprego asociativo en empresas de economía social, 1.394 a través de actuacions específicas de cara á integración laboral de discapacitados, e 512 traballadores beneficiáronse das iniciativas de emprego (iniciativas locais de emprego, iniciativas de emprego rural e iniciativas de emprego de base tecnolóxica). ■

cas de cara á integración laboral de discapacitados, e 512 traballadores beneficiáronse das iniciativas de emprego (iniciativas locais de emprego, iniciativas de emprego rural e iniciativas de emprego de base tecnolóxica). ■